



2026/SUBDIREC/000006

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02.07.2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA APOIAR AS ACTIVIDADES REALIZADAS POLO MESTRADO UNIVERSITARIO EN DISEÑO E DIRECCIÓN CREATIVA EN MODA. 2026/SUBDIREC/000006.

I. Antecedentes de feito:

1. En data do 03.03.2026 a Universidade de Vigo (NIF Q8650002B) presentou a través da Sede Electrónica do Concello unha solicitude de subvención para o apoio das actividades realizadas no Concello de Pontevedra polo Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda (ESDEMGA), achegando xunto coa súa solicitude a documentación requirida na Ordenanza de Subvencións do Concello. A dita solicitude incorporouse documentación os días 04.03.2026 e 13.04.2026.

2. Á vista da dita solicitude, a Alcaldía emitiu unha providencia-memoria na que se xustifican as razóns de conveniencia e oportunidade para outorgar á Universidade de Vigo unha subvención prevista no Orzamento Xeral do Concello por importe máximo de 60.000,00€, para apoiar as actividades a realizar no ano 2026 polo Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda, dispoñendo o inicio do expediente a redacción polo Servizo de Educación e Promoción Económica do convenio de colaboración no que se instrumenta a dita subvención.

II. Fundamentos de dereitos:

1.- A solicitude da Universidade de Vigo acompáñase da seguinte documentación:

- Copia do NIF da solicitante.
- Copia do CIF de representante da entidade.
- Memoria explicativa da actividade a desenvolver.
- Orzamento de ingresos e gastos para levar a cabo dita actividade.
- Compromiso da Universidade de comunicar ao Concello calquera outra axuda ou subvención que se conceda para a antedita finalidade, así como a declaración responsable esixida polo artigo 12 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello, e polo artigo 24.6 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Certificados de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia.

Por outra banda, incorporouse de oficio ao expediente:

- Informe da Tesourería municipal conforme a Universidade de Vigo non ten débedas coa facenda municipal.
- Publicación do nomeamento do cargo do reitor, que asina a solicitude como representante da entidade.
- Estatutos da Universidade de Vigo





2. Ao abeiro do establecido no artigo 3 da mencionada Ordenanza, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto. Neste senso os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción da cultura e na de ocupación do tempo libre.

3. Segundo o ordeado pola alcaldía, o convenio obxecto deste informe ten como finalidade o de establecer as condicións reguladoras da subvención outorgada á Universidade de Vigo para contribuír aos gastos derivados das actividades realizadas nos anos 2026, 2027, 2028 e 2029 polo seu Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda.

Segundo dispón o artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos, posibilidade que se regula no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e no artigo 361.a) da Ordenanza de subvencións do Concello. A este respecto, e para esta anualidade 2026, esta administración preveu no orzamento xeral do Concello unha achega económica de 60.000,00 € á Universidade de Vigo.

Ademais, o actual Plan estratéxico de subvencións do Concello (PES), vixente ata o 31/12/2028, aprobado por Decreto da alcaldía do 05/02/2026 e publicado no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, prevé na súa ficha 39 unha liña de axuda ao Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en moda da Universidade de Vigo. A previsión de achega para a anualidade 2029 estará condicionada á aprobación dun novo PES que recolla esta mesma liña de subvención.

Por outra banda, de acordo cos artigos 22.2.c) da LXS, 19.4 da LSG e 36.1.c) da OXS, con carácter excepcional poderán concederse de forma directa aqueloutras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Deste xeito, para as vindeiras anualidades 2027, 2028 e 2029 a memoria que se incorpora a este expediente por mandato do artigo 50.1 da Lei 40/2015, xustifica como razóns que acreditan o especial interese público na subscrición do convenio e que dificultan a convocatoria pública da axuda no privilexio que supón para a cidade seren sede do Mestrado de Deseño e Dirección Creativa en Moda, o que converte ao municipio na capital do ensino do deseño en Galiza, na contribución que realiza a entidade subvencionada á divulgación de Pontevedra como cidade promotora da creación e da cultura a nivel nacional e internacional, na contribución ao enriquecemento cultural e social da veciñanza e no fomento á reactivación do sector económico da moda na cidade, entre outros motivos.

Deste xeito, no relativo ao procedemento de concesión da axuda, o seu outorgamento directo para o ano 2026 viría amparado, como dixemos, no artigo 22.2 a) da LXS, tendo o carácter de subvención nominativa, mentres que para as seguintes anualidades estaría motivado o outorgamento directo no artigo 22.2 c), como vía excepcional á vista das especiais razóns de interese público social e económico xustificadas na memoria da alcaldía.

No presente expediente débese de ter en conta que o artigo 51.7 das Bases de execución do orzamento vixentes determina que queda establecida a incompatibilidade da subvención nominativa como gasto plurianual, toda vez que o carácter nominativo só se pode predicar da parte imputable ao exercicio corrente pola contía consignada nominativamente.





En base ao anterior, o procedemento de concesión directa da subvención axústase ás previsións da LXS, pero para as vindeiras anualidades 2027, 2028 e 2029, a eficacia deste outorgamento queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Concello que corresponda, tal e como dispón a cláusula terceira do convenio.

Por esta razón, deberá de terse en conta os compromisos que, no seu caso, se asuman coa sinatura do convenio, tanto para a elaboración dos orzamentos municipais dos próximos exercicios como para a aprobación do novo Plan Estratéxico de Subvencións do Concello, unha vez expire o PES indicado.

4. Na memoria xustificativa ditada pola Alcaldía propónse que a subvención financie ata o 100% do proxecto que se pretende levar a cabo. Segundo o artigo 5 da Ordenanza de subvencións, a porcentaxe subvencionable polo Concello e os seus Organismos Autónomos non poderá exceder, con carácter xeral, do 50% do custo da actividade agás que, de forma motivada, se xustifique que se trata de actividades de especial interese público e ou social, cuestión que deberá ser aprobada polo órgano competente. A memoria da Alcaldía motiva este extremo en base á seguinte argumentación, cumpríndose a esixencia da Ordenanza de Subvencións: *“Esta administración comprométese a achegar ata o 100% do importe do gasto total da actividade subvencionada, co límite de 60.000,00 €. A porcentaxe subvencionable supera o límite do 50% do custe da actividade prevista na Ordenanza Xeral de Subvencións, estando xustificado o incremento dese límite nos motivos expresados nesta memoria, xa que o Concello de Pontevedra ten o privilexio de ser sede do Mestrado de Deseño e Dirección Creativa en Moda, o que converte ao municipio na capital do ensino do deseño en Galiza e contribúe á divulgación de Pontevedra como cidade promotora da creación e da cultura a nivel nacional e internacional. As accións e actividades fomentadas coa sinatura deste convenio acadan unha grande repercusión e difusión, contribúen ao enriquecemento cultural e social da veciñanza e promoven a reactivación do sector da moda na cidade, motivos que xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar”*.

Con todo, á vista da documentación presentada pola Universidade de Vigo, o anexo IV do formulario de solicitude confitica os gastos da actividade/proxecto subvencionado en 95.039,00 €, polo que a porcentaxe subvencionable non acada o 100% deste gasto, senón que ascendería ao 63,13 %.

De acordo con isto, o convenio sinala a contía máxima á que pode chegar o financiamento municipal, que se fixa en 60.000,00€, e autoriza que a porcentaxe subvencionable supere o límite do 50% establecido na ordenanza, entendendo que a contía da subvención non se fixa con referencia a unha porcentaxe nin se esixe un importe de financiamento propio á entidade beneficiaria, tendo en conta sempre que en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custe total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

5. O convenio de colaboración coa Universidade de Vigo constitúe o instrumento polo que se canaliza a subvención prevista e o seu obxecto concrétese no establecemento dun marco de apoio, entre as entidades asinantes, para fomentar as actividades realizadas polo Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda entre o 01/01/2026 e o 31/12/2029.

A cláusula undécima do convenio prevé que este terá efectos dende o 01/01/2026 e a súa vixencia estenderase ata o 31/12/2029. Consonte con esta previsión, o convenio financia actuacións xa desenvolvidas, no que a doutrina define como subvencións ex post, segundo determina o artigo 2.2 b da LXS, que determina como un dos requisitos das axudas públicas que a súa entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver.

O contido do proxecto do convenio a subscribir axústase ao preceptuado polo artigo 40 da Ordenanza de





subvencións do Concello, así pois inclúe a definición sinalada do obxecto da subvención, o réxime xurídico aplicable, o prazo de duración do convenio, os dereitos e obrigas das partes asinantes e o réxime de xustificación da subvención a cumprir pola beneficiaria. As estipulacións do documento convencional non conteñen previsións contrarias ao Ordenamento Xurídico e están en consonancia co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no seu regulamento que foi aprobado polo Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A este respecto, xúntase ao expediente o borrador do convenio que contén as bases reguladoras da axuda e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación.

6. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 51 das de execución do orzamento, únese ao expediente un informe económico que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, en cumprimento, do disposto nos artigos 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 199.h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, este expediente iníciase cunha memoria xustificativa da Alcaldía onde se xustifica a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e demais extremos establecidos na citada Lei 40/2015.

7. Con carácter previo á aprobación do outorgamento da subvención e á sinatura do convenio, deberán emitir informe a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral Municipal, de conformidade co establecido nos art. 56.1.b) e 58.4.a) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal e nos artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

8. En canto á competencia para a concesión da subvención de forma directa, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións ao meu criterio corresponde á Xunta de Goberno Local, ao seren o importe da axuda concedida superior a 12.020,24€, e tendo en conta que o artigo 51.7 das bases de execución do orzamento vixente determina que queda establecida a incompatibilidade da subvención nominativa como gasto plurianual, toda vez que o carácter nominativo só se pode predicar da parte imputable ao exercicio corrente pola contía consignada nominativamente.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) LBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

9. De acordo co artigo 8.1.b da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e, no que á subvención respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co disposto na Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Cuentas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, que aproba a instrución relativa á remisión telemática ao dito Tribunal de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados por elas e as súas entidades dependentes no exercicio anterior.

Consonte coa fundamentación xurídica exposta e unha vez informado o expediente pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión da subvención á Universidade de Vigo (NIF Q8650002B) para apoiar as





actividades realizadas no ano 2026 polo Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda, nos termos previstos no convenio regulador da axuda por un importe total de 240.000,00 €, distribuídos por anualidades da seguinte maneira:

Anualidade	Importe subvención Concello de Pontevedra
2026	60.000,00€
2027	60.000,00€
2028	60.000,00€
2029	60.000,00€

A subvención do Concello para os anos 2027, 2028 e 2029 queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento do Concello para as ditas anualidades.

O financiamento municipal poderá alcanzar o 100% do custe da actividade, en atención ao especial interese social e económico da actividade subvencionada xustificado no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe que corresponda con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se sinale no informe da Intervención Xeral.

Terceiro: Aprobar o texto do convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente contido no documento co CSV: 10XR1MUH3S5BNBM2

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

